

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 9 DE XANEIRO DE 2015**

**2.-Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á devolución de aval no expdte LIC/1196/2014.**

**3.-Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á devolución de aval no expdte LIC/1207/2014.**

Acordouse a devolución de dous avais por un importe conxunto de 7.500 euros, depositados para responder da reposición dos servizos urbanísticos e dos gastos de urbanización no procedemento de construción dunha vivenda unifamiliar na rúa de Senande (nº 56), logo de comprobar que posúe a licenza de 1ª ocupación, a reposición dos servizos afectados e a correcta execución das obras urbanización determinadas.

**4.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á declaración de caducidade no expdte LIC/1831/2007.**

A Xunta de Goberno acordou declarar a nulidade dunha licenza de obras outorgada a José Balboa Restaurante S.L. para a legalización das obras de reforma da edificación, movemento de terras e realización de muros de contención dun edificio para restaurante no Viaduto da Rocha (nº 2).

**5.- Proposta da concelleira delegada da área de Cultura e Patrimonio relativa á adhesión ao programa PLATEA.**

O Concello de Santiago acordou solicitar a renovación da súa adhesión á programa cultural "Platea", posto en marcha polo Instituto Nacional das Artes Escénicas e Musicais (INAEM), dependente do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. A este programa, que se dirixe a promover a circulación de espectáculos de artes escénicas en espazos das entidades locais, adheriuse o Concello de Santiago o ano pasado. A xestión recaerá no Auditorio.

Nos espectáculos que se contraten a través deste programa, seguindo o catálogo do propio INAEM, o Concello poñerá a disposición das compañías os recursos técnicos e humanos para o desenvolvemento do espectáculo, así como a xestión recadación e liquidación da taquilla resultante. No caso de que a taquilla non acade o caché establecido polo INAEM para o espectáculo, o propio organismo estatal achegará o 65% do caché pactado ata un máximo de 12.000 euros, e no caso de continuar sendo insuficiente deberá contribuír o Concello cun máximo do 18% do caché pactado.

Este ano, como novidade respecto ao anterior, o Concello de Santiago vai solicitar que ademais do Teatro Principal que figuraba no ano pasado, se teña en conta tamén o Auditorio de Galicia á hora da programación.

O Concello de Santiago, seguindo a determinacións da bases, elaborou para o seu envío ao Ministerio unhas memorias da programación profesional durante os anos 2013 e 2014, tanto no Teatro Principal como no Auditorio de Galicia e noutros espazos municipais, nas que se detallan a realización dun total de 302 funcións coa asistencia duns 65.000 espectadores.

Dese conxunto de funcións, **94 realizáronse no ano 2013 contando cuns 20.000 espectadores, mentres que no ano 2014 se celebraron algo máis do dobre de funcións, concretamente 208, ás que asistiron en torno aos 45.000 espectadores.**

Das funcións realizadas **no ano 2014, un total de 16 corresponderon precisamente ao programa PLATEA**, que este ano imos renovar co Instituto Nacional das Artes Escénicas e Musicais.

**6.- Proposta do concelleiro delegado de Seguridade e Mobilidade relativa á transmisión da licenza de taxi número 81.**

Autorizouse a transmisión dunha licenza de taxi (nº 81) entre particulares, logo da comprobación dos requisitos establecidos e dos informes pertinentes.

**7.- Proposta da concelleira delegada da área de Servizos sociais para dar conta da concesión ao Concello dunha subvención para o programa de prevención de**

**drogodependencias VERSION 2.0,concedida polo Ministerio de Sanidade,Servizos Sociais e Igualdade.**

O Concello recibiu por parte do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade unha subvención por importe de 41.142 euros para desenvolver o programa municipal de prevención de drogodependencias denominado "Versión 2.0".

**8 a 32.- Proposta do concelleiro delegado de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica.**

A Xunta de Goberno, conforme ao disposto nas ordenanzas reguladoras, resolveu tamén 25 solicitudes presentadas para a obtención de beneficios fiscais, todas elas relacionada con vehículos de tracción mecánica.

**33.- Proposta da concelleira delegada de Xuventude relativa á aprobación das bases do II Certame de música santiAUTOR para artistas noveis.**

A Xunta de Goberno aprobou o contido das Bases que han rexer o 2º Certame SantiAUTOR para artistas noveis que ten como obxectivo promover, impulsar e canalizar a creatividade musical da mocidade de Compostela e do conxunto de Galicia. A convocatoria vai dirixida a cantautores cunha idade máxima de 35 anos, que poderán inscribirse entre o 19 de xaneiro e o 20 de febreiro de 2015. Será requisito non ter ningunha obra editada con selos discográficas ou produtoras, nin relación contractual con empresas do sector, estar empadroadado nun municipio galego, que os temas presentados non foran premiados en outros certames, e a presentación de dous temas orixinais en letra e música, que serán interpretados nos concertos finais do certame previsto para os días 12 e 13 de marzo na Sala Sonar de Santiago, que colabora nesta iniciativa.

**34.- Proposta do concelleiro delegado da área de Réxime Interior e Administración Pública relativa á creación do ficheiro/arquivo de videovixilancia en instalacións municipais e tramitación para a súa incorporación ao Rexistro Xeral de Protección de datos.**

Acordouse a creación dun ficheiro con datos de carácter persoal destinado ao sistema de videovixilancia nas instalacións municipais, así como a súa correspondente tramitación para a incorporación ao Rexistro Xeral xestionado pola Axencia Española de Protección de Datos, conforme ás disposicións de aplicación.